

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CENTRO: CEIP SOBREIRA VALADARES**

**CURSO: 2º DE PRIMARIA**

**MATERIA: LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA, MATEMÁTICAS, 1ª  
LINGUA EXTRANXEIRA, CIENCIAS NATURAIS E CIENCIAS SOCIAIS**

**DATA: 12 DE MAIO**

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

# 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación  | Estándar de aprendizaxe   |
|---|---|
| <b>LINGUA CASTELÁ</b>   |   |
| B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.  | -LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.  |
| B1.5.Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).            | -LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.  |
| B1.9. Producir textos orais breves, imitando modelos a atendendo á forma e a intención comunicativa.  | - LCB1.9.1. Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas....  |
| B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil.   | - LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.   |
| B2.3. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.   | - LCB2.3.3. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.  |
| B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas(informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación. | - LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios... |
| B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.  | - LCB4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.   |
| B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.  | - LCB4.5.1. Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais.   |

## LINGUA GALEGA

|   |   |
|---|---|
| <p>B1.2. Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.</p>   | <p>- LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.</p>  |
| <p>B2.1. Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.</p>                                 | <p>- LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.<br/>LGB2.1.3. Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).</p>  |
| <p>B2.3. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.</p> | <p>- LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos.<br/>- LGB2.3.2. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada</p>  |
| <p>B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias .</p>                         | <p>- LGB2.7.2. Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras.</p>   |
| <p>B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.</p> | <p>- LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.<br/>- LGB3.1.3. Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación.<br/>- LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.<br/>- LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.<br/>- LGB3.1.5. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descricións e explicacións elementais) ou cos medios de</p> |

|  |   |
|--|---|
|  | comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia.  |
| B3.4. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.  | - LGB3.4.1. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.   |
| B3.5. Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. | - LGB3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.   |
| B4.3. Recoñecer a relación entre o son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.                               | LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.<br>LGB4.3.2. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.  |
| B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras                | LGB5.2.2. Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.   |
| B5.3. Recrear e compoñer poemas sinxelos e relatos breves a partir de modelos sinxelos dados.  | LGB5.3.1. Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas. |
| <b>MATEMÁTICAS</b>   |   |
| B1.3. Utilizar, coa guía do mestre ou da mestra, os medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe e para a resolución de problemas.                    | - MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.  |
| B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.  | - MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.<br>- MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.  |
| B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.  | - MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.<br>- MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.   |

|   |   |
|---|---|
|   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</li> <li>- MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares.</li> </ul> |
| B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.   | - MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.   |
| B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | - MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.   |
| B3.1. Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.   | - MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.   |
| B3.4. Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.   | - MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos)  |
| B3.5. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.  | - MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.                                       |
| B4.1. Identificar e completar figuras simétricas.   | - MTB4.1.1. Completa figuras partindo do seu eixe de simetría   |
| B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas... comunicando a información.   | - MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.  |

## PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA

|   |  |
|---|--|
| Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión. | Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.  |
| Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.   | Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.  |
|   | Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.  |
| Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).  | Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles. |
| Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.   | Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos   |
| Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.  | -Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.<br>- Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.                                    |
| Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando una entoación e pronuncia adecuadas   | Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.   |

|   |  |
|---|--|
| Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.   | Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.  |
| Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.</li> <li>- Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.</li> <li>- Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.</li> </ul> |
| Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.   | Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.  |

### CIENCIAS NATURAIS

|   |   |
|---|---|
| Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.</li> <li>- Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.</li> <li>- Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.</li> </ul> |
| Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.                                    | Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.  |
| Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno. | Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.  |



|   |   |
|---|---|
| Observar e rexistrar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.                                   | Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto  |
| <b>CIENCIAS SOCIAIS</b>   |   |
| Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.  | Identifica a terminoloxía propia da área.   |
| Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.</li> <li>- Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.</li> </ul>                         |
| Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada.  | Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.   |
| Realizar sinxelos traballos dalgún ecosistema en concreto: acuático, terrestre.   | Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula.   |
| Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.</li> <li>- Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.</li> </ul> |
| Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía...  | Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.   |

|   |   |
|---|---|
| <p>Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire.</p> | <p>Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos.</p> |
| <p>Coñecer os instrumentos básicos para a medida do tempo, iniciarse no seu uso e manexo.</p>   | <p>Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.</p>                             |

| <b>2. Avaliación e cualificación</b> |  |
|--------------------------------------|--|
| <b>Avaliación</b>                    | A avaliación será principalmente formativa e diagnóstica de cara a facilitar o traballo do comezo do vindeiro curso, e tomando como referencia a información proporcionada polas familias, os materiais que nos poldan achegar (fotografías das tarefas, vídeos, audios...), e a observación directa que se poda facer nas videochamadas grupais. Non se realizarán probas obxectivas. |
| <b>Cualificación final</b>           | A cualificación de final de curso para estas materias estará baseada principalmente nos resultados obtidos polo alumnado durante o período de clases presenciais. Aínda así, haberá variacións sempre en positivo no que un alumno ou alumna amose terse esforzado e traballado nesta etapa tan dura de confinamento.  |
| <b>Alumnado de materia pendente</b>  | O alumnado que presente materias pendentes na primeira e segunda avaliación manterá a mesma calificación salvo que no traballo realizado neste terceiro trimestre presente unha melloría significativa que supoña a consecución dos obxectivos mínimos esixibles para a superación da materia.   |

| <b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre<br/>(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b> |   |
|--|---|
| <b>Actividades</b>   | Envíanse diariamente propostas das diferentes materias, alternando actividades para imprimir ou escribir en caderno e outras interactivas, para reforzar as competencias traballadas durante o 1º e 2º trimestre.   |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>  | As tarefas publícanse diariamente no apartado de 2º da web do centro para que o alumnado adquira a rutina de entrar na web e manteña os lazos coa escola (na medida das posibilidades e das circunstancias persoais de cada familia).<br>Para aquelas que non contan con impresora e queren saír a imprimir as tarefas, publicamos os luns un arquivo conxunto de todas as propostas da semana.<br>Para o alumnado que non ten conexión envíaselle o traballo por correo ordinario. |
| <b>Materiais e recursos</b>  | Actividades de elaboración propia e extraídas dos recursos facilitados por diferentes editoriais.<br>Enlaces a páxinas web con recursos educativos adaptados ao alumnado de 2º de primaria.<br>Para o alumnado NEAE, o DO adapta o material que propón a titora e aporta materiais específicos, ademais de atención e orientacións para as familias.  |

#### 4. Información e publicidade

|  |   |
|--|---|
|  |   |
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | A través das vías de comunicación habituais empregadas ata o momento (correo electrónico, AbalarMóbil e teléfono), comunicarase ás familias a adaptación da programación didáctica que levamos a cabo para este terceiro trimestre. |
| <b>Publicidade</b>                           | A adaptación desta programación estará publicada na web do centro para poder ser consultada polas familias, e así se lles comunicará.   |